



# PLAN DIXITAL

## CEIP Otero Pedrayo

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

## Índice do Plan Dixital

<b>1. Introducción</b>	<b>3</b>
1.1. Datos básicos do centro	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	4
1.3. Breve xustificación do mesmo	5
1.4. Proceso de elaboración	6
<b>2. Situación de partida</b>	<b>8</b>
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	8
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	9
2.3. Análise DAFO	11
<b>3. Plan de Acción</b>	<b>13</b>
3.1. Obxectivos, indicadores e accións	13
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestructuras tecnolóxicas	22
<b>4. Avaliación do plan</b>	<b>25</b>
<b>5. Difusión do plan</b>	<b>26</b>

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

**Denominación:**

CEIP OTERO PEDRAYO

**Localidade:** RÁBADE

**Código postal:** 27370

**Concello:** RÁBADE

**Teléfono:** 982870661

**CÓDIGO:** 27011639

**Email:** [ceip.pedraio.rabade@edu.xunta.gal](mailto:ceip.pedraio.rabade@edu.xunta.gal)

**Etapas educativas:** Infantil e Primaria.

**Dirección:** R/Rosalía de Castro, s/n-Rábade-Lugo

**Web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippedraiorabade/>

**Alumnado:** 118 alumnos/as

**Mestres/as:** 18 (incluidos os itinerantes)

**Espazos:**

Edificio principal: tres plantas

**PLANTA BAIXA:**

- Educación Infantil : 2 aulas(4º e 5º niveis)
- Espazo común de entrada e corredor.
- Zona administrativa: despacho de dirección e espazo compartido por secretaría e xefatura de estudos.
- Sala de almacén.
- Sala do persoal de limpeza.
- Aseos de alumnado de Educación Infantil.

### PLANTA PRIMEIRA:

- Aulas de Primaria (1ºe 2º)
- Aula de P.T.
- Aseos de alumnado e profesorado
- Sala de profesorado.

### PLANTA SEGUNDA:

- Aulas de Primaria (5º e 6ª)
- Departamento de Orientación
- Aseos alumnado.

### Edificio lateral : planta baixa e primeiro andar

#### PLANTA BAIXA:

- Ximnasio e sala de usos múltiples
- Almacén de Educación Física

#### PLANTA PRIMEIRA:

- Aulas de Primaria (3ºe 4º)
- Armario de Informática
- Aula de Educación Musical compartida con Lingua Inglesa

### Edificio lateral : planta baixa e primeiro andar

#### PLANTA BAIXA:

- Aula de Educación Infantil (6º nivel)
- Comedor escolar
- Aseos de alumnado
- Patio interior

#### PLANTA PRIMEIRA:

- Biblioteca
- Espazo Maker
- Aula de A.L.
- Espazo común: espazo calmo común como espazo de traballo emocional e de mediación, actividade sensorial, de expresión e psicomotriz.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O concello de Rábade está integrado na comarca de Lugo, no cuadrante nordés de Galicia. A distancia de Rábade á capital da provincia é de 13 km., e o seu termo municipal é limítrofe cos de Begonte e Outeiro de Rei.

Este concello está constituído por unha única entidade de poboación, a vila de Rábade, cunha extensión territorial de 5´2 km. Segundo o Padrón Municipal de Habitantes contaba en 2021 con 1.524 habitantes.

Presenta ademais un peculiar carácter diferencial con respecto ao entorno definido pola comarca na que se integra, a Terra Chá, pois a súa estrutura socioeconómica segue as pautas dunha economía desenvolvida.

Rábade experimentou unha progresiva transformación orientada a converterse nun importante centro de comunicacións e núcleo de servizos, sendo especialmente importante o seu crecemento nos anos 70 e 80. Nos plans de comarcalización dos anos 90 Rábade defínese como un “ Concello, practicamente, sen sector primario, cunha estratéxica situación que define a importancia dos seus sectores secundario e terciario, dos que se nutre parte da zona rural dos concellos limítrofes”.

Este PD intégrase dentro do Proxecto Educativo (PE) do centro, como un elemento dinamizador do traballo educativo cotiá.

O PD debe imbuír tódolos proxectos e Plans do centro, ofrecendo ferramentas de traballo motivadoras, inclusivas, e en definitiva, orientadas a todo o noso alumnado sexan cales sexan as súas características persoais e de referencia sociofamiliar.

Do mesmo xeito, a PXA do vindeiro curso 22/23, deberá ter en conta este PD, para desenvolver os obxectivos establecidos no Plan de Acción. Así mesmo, este PD formará parte do Plan de Integración das TICs ou Proxecto de Educación Dixital, que se inclúe na PXA.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

A LOE establece:

*Artigo 111 bis Tecnoloxías da Información e comunicación.*

- As condicións nas que se debe desenvolver a xestión dos datos académicos do alumnado de xeito que se cumpran os protocolos de protección de datos e se empreguen formatos que garantan a interoperabilidade entre os diferentes

sistemas empregados no sistema educativo estatal.

- Faise referencia aos contornos virtuais de aprendizaxe, as características destes e ao seu emprego dentro da vida académica.
- Faise fincapé na necesidade de que as diferentes administracións educativas promovan o emprego das tecnoloxías da información e a Comunicación como método axeitado e valioso para levar a cabo tarefas de ensino e aprendizaxe procurando a eliminación de condutas de risco.
- As administracións educativas revisarán os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado de xeito que se facilite a implantación dunha cultura dixital nas aulas.
- As administracións educativas velarán polo acceso de todo o estudiantado aos recursos dixitais precisos que garantan a igualdade de oportunidades entre todos os escolares.

#### *Artigo 121. O proxecto educativo de Centro*

- O proxecto educativo de centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro de acordo co establecido no artigo 111bis.5.

#### *Artigo 132. competencias da dirección dos centros*

Inclúe dentro das competencias das persoas directoras promover a innovación e experimentación con novos métodos de ensino encamiñados a acadar os obxectivos propostos no PEC.

**Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Indícase que os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

**Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

- Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, así como definir os principios, obxectivos e referentes que o deben guiar. Defínense o proceso de redacción, a temporalización, o sistema de coordinación e determínanse os recursos que se van empregar neste proceso.

## 1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do PD fíxose mediante a creación dunha liña de traballo dentro do PFPF do centro neste curso:

*PFPF S2131081 Análise da competencia dixital do CEIP Otero Pedrayo e elaboración do plan dixital.*

Formouse un **Equipo para a Dinamización do Plan Dixtal** con un coordinador e a presenza de tódolos membros do Equipo Directivo.

En certos momentos do proceso, foi necesaria a participación de todo o Claustro para a recollida de datos.

O Equipo do PD recibiu varias xornadas de formación, e fixéronse reunións para a análise dos datos recibidos e a elaboración do Plan de Acción.

A temporalización foi a establecida para a realización do Plan Dixital:



## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Os proxectos e programas nos que participamos están estreitamente ligados coas novas tecnoloxías.

Contamos con infraestruturas básicas para o uso das TICs e para o desenvolvemento deste PD, aínda que necesitaríamos máis melloras.

- **WIFI e redes cableadas:** temos unha rede WIFI que non está aínda dispoñible para todo o centro, así como as tomas da rede cableada.

- Mobiliario para os ordenadores.
- Ordenadores (bastante antigos) en tódalas aulas e en espazos de uso común e con encerados dixitais só en 5 aulas (algunhas bastante antigas).

#### Inventario de equipos:

- Administración: 3 equipos adquiridos enviados pola Consellería (antigüidades 10 anos)
  - Aulas: 9 equipos de docencia (Consellería e adquiridos polo centro. Antigüidade 8-10 anos)
  - Departamentos: 4 equipos (Consellería e adquiridos polo centro. Antigüidade 5-10 anos)
  - Espazo Maker: 8 equipos (adquiridos polo centro. Antigüidade 2 anos)
  - Biblioteca : 1 equipo (adquirido polo centro. Antigüidade 2 anos)
  - Sala de Mestres/as: 2 equipos (adquiridos polo centro. Antigüidade:6 anos)
  - Aulas: 4 equipos para o alumnado (Consellería. Antigüidade 8-10 anos)
- 
- Varias tablets para uso do alumnado no espazo Maker e para a Biblioteca Escolar.
  - Elementos de uso diario como: impresora B/N e cor, equipos de audio, gravadoras, soportes, altofalantes, equipo de son e trípodes, ...

En xeral, podemos considerar que contamos con poucos elementos TICs para desenvolver os proxectos de centro, ao mesmo tempo é necesario unha mellora de calidade da maioría deles. Por exemplo precisamos equipos máis modernos e nalgúns casos máis profesionais, así como mobiliario axeitado e unha mellor conectividade.

Usamos certas ferramentas corporativas no noso traballo diario:

- ✓ Web do centro
- ✓ Galería de imaxes
- ✓ Abalar
- ✓ Correo web:  
edu.xunta.gal
- ✓ Aula Virtual

As limitacións que amosan estas ferramentas corporativas, fai que tamén usemos servizos dixitais de terceiros que nos facilitan moito o traballo diario a nivel de centro:

- Whatsapp
- Google Drive
- Gmail



- Youtube
- Facebook

O mantemento faise a través do Equipo TIC e cando é necesario apoioprofesional, recurrimos aos servizos ofertados pola Consellería ou a servizos externos de mantemento, pois dada a antigüidade dos equipos presentan moitos problemas, ás veces imposibles de resolver.

## Espazo Maker

A nivel de infraestructuras, temos un espazo tecnolóxico denominado “EspazoMaker” que comezou a funcionar o curso pasado e para o vindeiro curso se vai a implementar e poñer a funcionar ao 100% como un espazo no que queremos dinamizar e centralizar os diferentes proxectos de centro que se traballan dende as aulas.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a análise DAFO empregamos varias ferramentas, obtendo uns resultados que presentamos a continuación.

**Autoavaliación SELFIE:** resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,5
	Alumnado	Non se aplica
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	3
	Alumnado	3
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,6
	Alumnado	3,8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,1
	Profesorado	3,7
	Alumnado	Non se aplica
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,5
	Alumnado	Non se aplica
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,4
	Alumnado	4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3,2
	Alumnado	Non se aplica
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,7
	Alumnado	3,7

## Test CDD: Información recollida do test CDD

### Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	11	14	78,6 %
<b>PROVISIONAL</b>	1	1	100 %
<b>OUTROS</b>	1	1	100 %

### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
54,7	Explorador (A2)	76,4	Integradora (B1)

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Inf</b>	47,8	Integradora (A2)	68,2	Integradora (B1)
<b>Prim</b>	66,1	Integradora (A2)	77	Integradora (B1)

### Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>Exploradora(A2)</b>	9	69,2 %
<b>Integradora (B1)</b>	4	30,8 %
<b>TOTAL</b>	13	100%

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>-A páxina web , que se emprega para facer públicas as actividades realizadas polo centro</li> <li>-Pode xerar cambios reais na organización do centro</li> <li>-Dar coherencia ao currículo.</li> <li>-Apoio para os proxectos do centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Centro antigo que obriga a un mantemento continuo.</li> <li>-Equipos obsoletos e cun funcionamento deficitario.</li> <li>-Mal emprego das TICs por parte de profesorado e alumnado.</li> <li>-Poucos medios para renovar equipos.</li> <li>-Incidencias nos equipos e necesidade dunha persoa que solucione as incidencias de inmediato.</li> </ul>
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Promove a participación</li> <li>-Promove o desenrolo persoal do profesorado</li> <li>-Axuda á implicación do profesorado</li> <li>-Posibilita o intercambio de actividades con outros centros.</li> <li>-Poden incluírse en proxectos de mellora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Persoal escéptico ao emprego das ferramentas dixitais. -</li> <li>-Competencia dixital deficiente.</li> <li>-Escasa formación nese tipo de didácticas.</li> <li>-Falta de avalición do profesorado.</li> <li>-Sobrecarga de traballo.</li> <li>-Falta de implicación do profesorado.</li> <li>-Diferencias de niveis entre o profesorado</li> <li>-Medo as NNTT ou a o desconocido</li> <li>-Emprego de metodoloxías tradicionais e acomodación.</li> <li>-Desinterese por introducir novas formas metodolóxicas</li> </ul>
	PERSOAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Pode animar á participación e implicación</li> <li>-Promove o desenrolo persoal.</li> <li>-Boa relación co resto da comunidade educativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Falta de medios.</li> <li>-Falta de espazos para o emprego das TICs.</li> <li>-Escasa formación.</li> <li>-Falta de implicación.</li> </ul>
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>-É un proceso participativo</li> <li>-Promove o desenrolo persoal do alumnado.</li> <li>-Un porcentaxe do alumnado con experiencia dixital.</li> <li>-Posibilidade de axuda na realización das actividades na casa.</li> <li>-Posibilidade de ampliar os equipos de aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Limitada utilización das NN TT na aula</li> <li>-Baixo nivel TIC no alumnado</li> <li>-Dificultades para realizar actividades na casa.</li> <li>-Falta de coordinación co profesorado.</li> <li>-Falta de equipos para traballo individual.</li> </ul>
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Poden incluírse proxectos de axuda familiar.</li> <li>-Existencia de abundantes materiais.</li> <li>-É un proceso participativo.</li> <li>-Calidade de contidos innovadores atraentes para a familia.</li> <li>-Variedade de actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Desembolso económico por parte das familias que non o poden asumir</li> <li>-Escasa formación nas familias.</li> <li>-Mal emprego dos recursos dixitais.</li> <li>-Dificultades para a realización de actividades na casa.</li> <li>-Falta de implicación co centro educativo.</li> </ul>
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Soporte dixital motivador.</li> <li>-Posibilidades de utilización en varios centros.</li> <li>-Poden avaliarse os cambios.</li> <li>-Poden incluírse en proxectos de mellora.</li> <li>-Pode xerar cambios reais na xestión diaria do centro.</li> <li>-Implicación do Equipo directivo da realización dun Plan dixital do centro real e práctico</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Custes difíciles de asumir.</li> <li>-Depender da conexión WIFI.</li> <li>-Falta de recursos específicos do centro.</li> <li>-Falta de apoio da comunidade educativa.</li> <li>-Centro antigo, masificado e con poucos espazos.</li> </ul>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Imaxe de modernidade e continua renovación ante institucións e comunidade educativa.</li> <li>-Coordinadores TIC ben formados e con coñecementos nas últimas tendencias dixitais.</li> <li>-Persoal alleo ao centro que repare os equipo informáticos e problemas técnicos.</li> <li>-Cada vez máis profesorado preparado en competencia dixital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Tempo para a coordinación TIC.</li> <li>-Excesiva burocracia e papeleo restan enerxías e gañas.</li> <li>-Equipos antigos e obsoletos.</li> <li>-Falta de axudas económicas ou dotacións por parte da administración.</li> </ul>
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Imaxen dos menores</li> <li>-Equipamentos óptimos para o desenrolo da competencia dixital do alumnado.</li> <li>-Estratexias dixitais definidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Imposición de excesiva burocracia.</li> <li>-Cambios normativos.</li> <li>-Falta de recursos docentes necesarios para o centro.</li> <li>-Carga horaria que dificulta ou impide a dedicación ao proceso por parte do coordinador TIC.</li> </ul>
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Demanda das familias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Acceso limitado á rede nas casas do alumnado.</li> </ul>
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Xa máis familias están preparados en competencia dixital.</li> <li>-Posibilidade de que as ANPA apoie os proxectos.</li> <li>-Aparición de cada vez máis ferramentas dixitais para o emprego do ensino aprendizaxe coas familias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Falta de recursos necesarios nas familias .</li> <li>-Familias con escasa competencia dixital para o acompañamento dos seus fillos/as.</li> </ul>
	OUTRAS ENTIDADES		

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

“Área/s de mellora”		A. LIDERADO			
OBXECTIVO	1. Elaborar un protocolo para crear produtos multimedia con imaxe, video e/ou son dentro da estratexia dixital do centro (A1)				Acadado Non acadado
Responsable	Coordinador/a TIC e Equipo de dinamización TIC.				
Indicador/es do OBXECTIVO	Protocolo creado, divulgado e coñecido coa aprobación de Claustro e Consello Escolar.				
Valor de partida	Inexistencia de protocolo				
Valor previsto	Existencia dun protocolo adaptado á nosa realidade.			Data	Ao remate do curso 2022/2023
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	Responsables	Data prevista fin	Recursos necesarios	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións	Estado
AO1.1: Nomear a persoa coordinadora, con disponibilidad horaria, e integrantes do equipo de dinamización TIC.	Equipo directivo	Setembro 2022	Claustro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Elaborar dossier co profesorado que ten programado crear produtos multimedia co alumnado.	Coordinador/a TIC	Outubro 2022	Claustro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Desenvolver formación no PFPP sobre lexislación ao respecto e nomear coordinador/a	Director/a Persoa coordinadora PFPP	Decembro 2022	Claustro Servizo de formación do profesorado Experto/a lexislación		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”		INFRAESTRUTURA E EQUIPOS			
OBXECTIVO	C5 Dispoñer de asistencia técnica suficiente no centro.	Acadado			
		Non acadado			
Responsable	Equipo Directivo e Coordinador/a TIC.				
Indicador/es do OBXECTIVO	Existencia de persoa Coordinador/a TIC con perfil técnico.				
Valor de partida	Non existe asistencia técnica no centro cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais. A asistencia é externa.				
Valor previsto	Existe asistencia técnica no centro cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais.	Data	Ao remate do curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	Responsables	Data prevista fin	Recursos necesarios	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións	Estado
AO1.1:Reorganizar horarios, con disponibilidade horaria suficiente, para a coordinación TIC.	Equipo directivo e Inspección educativa	Setembro -Outubro 2022	Persoa coordinadora		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2:Organizar formación específica técnica para os coordinadores /as TIC.	Equipo directivo e Coordinador/a TIC	1º Trimestre	CAFI e/ou CFR		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3:Elaborar un rexistro de incidencias técnicas.	Coordinador/a TIC	Semanal	Persoa coordinadora. Secretaria		Realizada
					Aprazada
					Pendente

“Área/s de mellora”		INFRAESTRUTURA E EQUIPOS			
OBXECTIVO	C12 Diseñar procesos de ensino-aprendizaxe mixto.	Acadado			
		Non acadado			
Responsable	Claustro.				
Indicador/es do OBXECTIVO	Deseño de procesos de ensino-aprendizaxe mixto.				
Valor de partida	Inexistencia de unidades de aprendizaxe na aula virtual.				
Valor previsto	Todo o profesorado teña 1 unidade de aprendizaxe (curso moodle) na aula virtual.	Data	Ao remate do curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	Responsables	Data prevista fin	Recursos necesarios	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións	Estado
AO1.1:Solicitar formación específica de programación mixta.	Equipo directivo e Coordinador/a TIC	1º Trimestre	CAFI e/ou CFR	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.2:Elaborar e valorar repositorio de APP empregadas no centro compatibles coa AV.	Equipo directivo e Coordinador/a TIC	1º e 2º Trimestre	Claustro. Creación da AV dun curso para albergar o repositorio creado. Elaborar unha plantilla de valoración das APP.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.3:Organizar as unidades de aprendizaxe creadas polo profesorado..	Coordinador/a TIC e Claustro	2º e 3º Trimestre	Docentes	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

“Área/s de mellora”		INFRAESTRUTURA E EQUIPOS			
OBXECTIVO	C14 Reorganizar os espazos do centro educativo para facilitar a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	Acadado			
		Non acadado			
Responsable	Equipo directivo e Coordinador/a TIC				
Indicador/es do OBXECTIVO	Reorganización dos espazos do centro educativo para aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.				
Valor de partida	Inexistencia de unidades de aprendizaxe na aula virtual.				
Valor previsto	Equipamento básico en todas as aulas do centro educativo. Aula dixital de uso común co equipamento básico.	Data	Ao remate do curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	Responsables	Data prevista fin	Recursos necesarios	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións	Estado
A01.1:Realizar un estudo de reorganización arquitectónica dos espazos do centro	Equipo directivo e Coordinador/a TIC. Consellería de Educación.	Setembro 2022	Aula de informática e outros espazos obsoletos do centro.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.2:Dotar aos espazos tecnolóxicos co equipamento básico .	Equipo directivo e Coordinador/a TIC. Consellería de Educación.	1º e 2º Trimestre	Tecnoloxía dixital básica.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.3:Elaboración dun protocolo e horario de uso e /ou empréstimo do material dixital.	Equipo directivo e Coordinador/a TIC.	Despois das actuacións anteriores.	Coordinado/a TIC		Realizada
					Aprazada
					Pendente



### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestructuras tecnológicas

En consonancia coa indicacións establecidas por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital, para o desenvolvemento de programas e proxectos do noso centro, consideramos a necesidade de certas melloras de equipamento e infraestructuras.

#### Infraestructura Dixital.

Precisamos unhas conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede de mellor calidade e que abarquen tódolos espazos do centro. Vémonos limitados polo alcance e cortes da rede WIFI. En ocasións non podemos utilizar a rede con fíos por que non dispoñemos de conexión axeitada en tódolos espazos. Tamén sería preciso “organizar” a infraestructura sen fíos.

No referente ás conexións electrónicas son mínimas para conectar todo o equipamento de que precisamos.

- Finalidade: para o espazo Maker, a Biblioteca e os diferentes proxectos a realizar... e en definitiva tódalas actividades e tarefas que están relacionadas cos obxectivos que establecemos no noso Plan de Acción.

Tamén para a realización de conexións telemáticas coas familias ou con outros centros cos que estamos colaborando.

#### Equipamento.

Precisamos equipamento máis moderno, potente e de mellor calidade. Non contamos con ordenadores de sobremesa que desenvolvan con soltura e efectividade o traballo de edición de audio, imaxe e vídeo.

Non contamos con cámara de vídeo e fotos e non temos cámaras web para conexión telemáticas (tendo que usar a dos portátiles).

En canto a mobiliario, non contamos con mesas axeitadas nin armarios para o material.

- Finalidade: para o traballo nos diferentes proxectos que temos PFPP, Radio, Espazo3D... e en definitiva tódalas actividades e tarefas que están relacionadas cos obxectivos que establecemos no noso Plan de Acción.
- En concreto podemos detallar:
  1. A **conexión WIFI** aínda non funciona.
  2. En canto a **rede cableada**, as tomas están en algún espazos deterioradas e cusan problemas.
  3. Postos de traballo: precisamos mobiliario axeitado e equipos máis modernos para o traballo administrativo.
  4. Biblioteca: precisamos mobiliario axeitado e equipos máis modernos

para o traballo administrativo e equipos para o traballo do alumnado.

5. Equipos portátiles para que o profesorado titor e especialista poida realizar as súas tarefas didácticas sin necesidade a ter que esperar na sala de profesores/as que estea libre un equipo. No referente aos espazos de traballo do profesorado, tampouco contamos con mobiliario axeitado nin equipos modernos, o que ralentiza e dificulta o traballo diario tanto educativo como administrativo. Tamén precisaríamos discos duros externos ou discos de copia de seguridade para resgardar a documentación dixital do centro.
6. Equipos actualizados nas aulas para uso do alumnado.
7. Equipos ultraportátiles e un carro de carga para os mesmos para o proxecto de Robótica do curso que ven.
8. Espazo Maker: no noso centro non contemplamos a idea dunha aula de informática senón dun espazo maior que abarque máis ámbitos tecnolóxicos como é o Espazo Maker. Precisamos material de almacenaxe, mobiliario específico e por suposto unha vez máis, equipamento actualizado.
9. Outro material específico: dadas as características dos proxectos que estamos a desenvolver, precisaríamos material específico como:
  - Telepronter.
  - Equipamento de audio: mesa de audio, micrófonos...
  - Espazo con equipamento croma.
  - Material Micro:bit e elementos electrónica para o traballo en robótica. Material de robótica LEGO.
  - Mesas de traballo para robótica e electrónica: con ferramentas específicas...
  - Sistemas de iluminación.
  - Sistemas portátiles de grabación: cámara video, cámara fotos, ...
  - Discos duros externos ou discos de copia de seguridade para resgardar o traballo feito.

### Servizos dixitais educativos.

En canto aos servizos dixitais, precisaríamos unha maior funcionalidade nos mesmos.

No referente á web corporativa, agradeceríase que fose máis flexible, para por exemplo poder editar os temas ou instalar engadidos dende a zona de administración.

- Finalidade: é a nosa intención o uso como medio dinamizador e de

comunicación dentro da Comunidade Educativa, da web corporativa e da galería de imaxes. Ademáis, temos establecidos obxectivos no Plan de Acción que están estreitamente relacionados co uso das ferramentas corporativas e os servizos dixitais. Queremos, se é posible, evitar o uso de servizos externos para pasarnos aos servizos corporativos, pero para iso precisamos que nos ofrezan as funcións necesarias.

#### 4. Avaliación do plan

Ao longo do curso farase unha avaliación tanto procesual como final, atendendo aos obxectivos establecidos no Plan de Acción.

No contexto da **avaliación procesual**, a frecuencia da súa realización será cando menos unha vez ao trimestre, e os aspectos a valorar :

- o estado da execución das accións,
- a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso,
- as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No contexto da **avaliación final** mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos fundamentais a valorar serán os relativos ao logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

O propio Plan de Acción, nos obxectivos plantexados, inclúe unha lista de cotexo como **instrumento de avaliación** que imos a utilizar.

O proceso de implementación, ao ser un proceso vivo e modificable, poderá requirir o uso doutros instrumentos de avaliación se fose necesario.

#### 5. Difusión do plan

Seguirase unha estratexia de difusión do PD en consonancia co Plan de Comunicación que xa ten establecido o centro no referente aos documentos e proxectos:

- Publicación do PD na web do centro.
- Dar coñecemento do PD á ANPA para a súa difusión a toda a Comunidade Educativa.
- Dar difusión do PD a nivel de centro a todo o Claustro e Consello escolar mediante as xuntanzas que se fan regularmente ao longo do curso e mediante os Equipos de Traballo.
- Sistema de assembleas co alumnado e coas familias.